

AER INSTA AO GOBERNO LOCAL A DAR EXPLICACIÓNS SOBRE AS EXPROPIACIÓNS E OCUPACIÓNS DE BENS MUNICIPAIS NAS OBRAS DA AMPLIACIÓN DA AP9



AER, á vista de que as obras da ampliación da AP-9 avanza sen descanso, ven de instar ao goberno local a que informe acerca das expropiacións do patrimonio municipal e dos defectos de forma detectados polo arquitecto municipal en informe do ano 2014. Segundo o arquitecto municipal, existen numerosos bens municipais afectados pola ampliación da AP-9 que non figuran na relación do BOE.

En todo o proceso de expropiacións asociado á ampliación da AP-9, estanse dando numerosas anomalías, afectando aos veciños e máis ao propio Concello, polo que urxe que se informe á veciñanza dos trámites que se están levando a cabo para solucionar estas anomalías.

A Agrupación de Electores tamén demanda información das medidas que está tomando o Concello sobre a ocupación do Camiño de Pasán e da Estrada O Torreiro por parte da empresa concesionaria das obras, situación que se está producindo sen que aparentemente estean resoltas as expropiacións destes camiños nin as condicións para a súa posterior reposición.

Dende AER observamos que unha vez máis, Fomento e as concesionarias da innecesaria ampliación da AP-9 en Rande e Chapela, están pasando por riba do Concello de Redondela, antepoñendo sempre os seus intereses e prazos.

Redondela, a 27 de xullo de 2015.